					TOTAL	73.607,96	147.690,45	145.969,74	55.498,89	422.767,04
TOQUES	10.	2100.	0225.	0.	Ampliación Camiño Vilouriz	18.843,94	37.809,37	37.368,87	4.948,54	98.970,72
	10.	2100.	0226.	0.	Camiño Brañas-Prados	9.483,05	19.027,23	18.805,55	2.490,31	49.806,14
					TOTAL	28.326,99	56.836,60	56.174,42	7.438,85	148.776,86
TORDOIA	10.	2100.	0227.	0.	Camiño Andoio-Monte Vello e outro	8.428,89	16.912,12	16.715,08	2.213,48	44.269,57
	10.	2100.	0228.	0.	Acceso a Outeiro (Viladeabade) e outros	11.804,77	23.685,64	23.409,69	3.100,01	62.000,11
	10.	2100.	0229.	0.	Camiño Petón-Ponte da Follada (Bardaos) e o.	11.271,90	22.616,47	22.352,98	2.960,07	59.201,42
					TOTAL	31.505,56	63.214,23	62.477,75	8.273,56	165.471,10
TOURO	10.	2100.	0230.	0.	Camiño en Belvís e outros	8.451,95	16.958,38	16.760,80	2.236,58	44.407,71
	10.	2100.	0231.	0.	Interior en Loureiros e outros	7.339,11	14.725,53	14.553,97	1.942,09	38.560,70
	10.	2100.	0232.	0.	Camiño de Novefontes a estr. penetración e outros	11.885,77	23.848,17	23.570,31	3.145,25	62.449,50
					TOTAL	27.676,83	55.532,08	54.885,08	7.323,92	145.417,91
TRAZO	10.	2100.	0233.	0.	Afirmado camiños en Aguasantas e A Baixa	17.209,91	34.530,78	34.128,47	4.519,43	90.388,59
	10.	2100.	0234.	0.	Acond. camiño de estrada Chaián-Barral-Igrexa	11.595,93	23.266,62	22.995,54	3.045,16	60.903,25
	10.	2100.	0235.	0.	Afirm. camiño Corredoira-Igrexa,Chaián-Cambel	15.579,10	31.258,63	30.894,43	10.957,16	88.689,32
					TOTAL	44.384,94	89.056,03	88.018,44	18.521,75	239.981,16
VALDOVIÑO	10.	2100.	0236.	0.	Entroque colector a Ponto do Muíño-estra. Igrexa	0,00	0,00	59.529,96	3.133,16	62.663,12
	10.	2100.	0237.	0.	Aglomerado en Sequeiro e Vilarrube	0,00	0,00	58.704,46	3.089,71	61.794,17
					TOTAL	0,00	0,00	118.234,42	6.222,87	124.457,29
VAL DO DUBRA	10.	2100.	0238.	0.	Camiño de Picaraña a estrada. Portomeiro e outros	12.070,55	24.218,92	23.936,76	3.169,80	63.396,03
	10.	2100.	0239.	0.	Camiño de Maxais ao Tarambollo (Couceiro) e o.	12.389,70	24.859,27	24.569,63	3.253,61	65.072,21
					TOTAL	24.460,25	49.078,19	48.506,39	6.423,41	128.468,24
VEDRA	10.	2100.	0240.	0.	Acond.vías Socastro, Neira de Arriba, San Fins e o.	15.650,33	31.401,57	31.035,71	19.282,73	97.370,34
	10.	2100.	0241.	0.	Mell.acond. en Matelo,A Gándara,Socastro e outros	13.133,60	26.351,88	26.044,85	19.282,73	84.813,06
	10.	2100.	0242.	0.	Ampl. rede ilum. Sarandón, Fornelos e Argunte	10.647,28	21.363,19	21.114,29	19.282,73	72.407,49
					TOTAL	39.431,21	79.116,64	78.194,85	57.848,19	254.590,89

VILASANTAR	10.	2100.	0243.	0.	Ens.mell.camiños Armental,Vilariño,Mezonzo,Seixo	18.994,05	38.110,56	37.666,53	4.989,00	99.760,14
					TOTAL	18.994,05	38.110,56	37.666,53	4.989,00	99.760,14
VILARMAIOR	10.	2100.	0244.	0.	Pavimentación camiños Arnelas-Armada	5.004,38	10.041,03	9.924,05	11.218,00	36.187,46
	10.	2100.	0245.	0.	Pavimentación camiños Bouzoa-Cabezal e outros	6.056,29	12.151,63	12.010,06	13.576,20	43.794,18
	10.	2100.	0246.	0.	Pavimentación camiños As Lobeiras	9.435,47	18.931,77	18.711,20	23.115,45	70.193,89
					TOTAL	20.496,14	41.124,43	40.645,31	47.909,65	150.175,53
VIMIANZO	10.	2100.	0247.	0.	Pav. e ordenación contorna escola de Cereixo	9.944,51	19.953,14	19.720,66	2.874,67	52.492,98
	10.	2100.	0248.	0.	Pav. e ord. contorna igrexa e escola Castromil	13.130,43	26.345,51	26.038,56	3.795,63	69.310,13
	10.	2100.	0249.	0.	Reposición firme en camiño do Val-Sta. Comba	6.197,11	12.434,17	12.289,29	1.791,40	32.711,97
	10.	2100.	0250.	0.	Pavimentación vías en Padreiro e Lagüela	8.995,76	18.049,52	17.839,23	2.600,41	47.484,92
					TOTAL	38.267,81	76.782,34	75.887,74	11.062,11	202.000,00
ZAS	10.	2100.	0251.	0.	Mell.capa rod. camiños en Lamas Loroño e Muíño	14.683,45	29.461,56	29.118,30	3.937,23	77.200,54
	10.	2100.	0252.	0.	Mell.capa rod. camiños.en Pazos,Roma,Brandomil	15.555,39	31.211,07	30.847,43	4.171,03	81.784,92
	10.	2100.	0253.	0.	Mell.capa rod. camiños en Allo, Lamas,Gándara	15.091,31	30.279,92	29.927,13	4.046,59	79.344,95
	10.	2100.	0254.	0.	Mell.capa rod. camiños Mira,Carreira,Meanos e o.	15.207,26	30.512,55	30.157,05	4.415,74	80.292,60
					TOTAL	60.537,41	121.465,10	120.049,91	16.570,59	318.623,01
CARIÑO	10.	2100.	0255.	0.	Pavimentación, abast. e san. Rúa dos Santos 2ªF	19.386,47	38.897,58	38.445,74	21.743,43	118.473,22
					TOTAL	19.386,47	38.897,58	38.445,74	21.743,43	118.473,22
TOTAL PLAN						3.488.754,19	7.000.000,00	8.896.955,59	2.531.668,13	21.917.377,91
TOTAL CONCELLOS										94
TOTAL OBRAS										255

POS - 2010

Expediente de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2010)

Anexo II: POS 2010 - gastos correntes

CONCELLO	SUBVENCIÓN APLICADA A GASTOS CORRENTES
ABEGONDO	97.592,29
ARES	49.073,36
BETANZOS	120.644,38
BOIMORTO	98.396,56
BOQUEIXÓN	100.000,00
BRIÓN	111.047,80
CAMARIÑAS	72.813,94
CAPELA, A	62.803,00
CARBALLO	185.403,99
CARRAL	91.228,21
CEDEIRA	99.638,47
CEE	104.130,05
CERCEDA	83.270,57
CORCUBIÓN	36.891,33
CORISTANCO	161.991,20
FISTERRA	66.865,86
FRADES	51.116,83
LAXE	75.510,91
LARACHA, A	173.475,93
LOUSAME	86.747,21
MAZARICOS	94.132,76
MELIDE	111.994,72
MESIA	89.652,00
MIÑO	75.814,93
NEDA	71.333,89
NEGREIRA	47.689,36
OUTES	126.386,71
OLEIROS	244.633,11
ORTIGUEIRA	216.160,06
POBRA C.	103.624,95
PONTES (AS)	190.180,54
PORTO DO SON	143.991,04
RIANXO	128.734,69
SADA	130.730,56
SAN SADURNIÑO	100.000,00
SOBRADO	113.426,44
SOMOZAS, AS	92.922,47

TOQUES	27.087,98
TORDOIA	95.631,32
TOURO	138.093,98
VAL DO DUBRA	122.044,82
VADOVIÑO	118.234,42
VILASANTAR	44.716,66
VIMIANZO	190.937,89
CARIÑO	67.219,01
TOTAL	4.814.016,20

POS - 2010

Expediente de aprobación do Plan de cooperación
 ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010
 Anexo III: Plan Complementario ao POS 2010

Concello	Denominación	ORZAMENTO
ABEGONDO	Pav.beirarrúas e mellora servizos parroquia Presedo	45.881,80
AMES	Pav. estra. Casanova-Raices-límite con Teo (Biduído)	69.026,60
	Pav. estra. Colexio Bentín a estra. Paramuíño (Biduído)	49.505,75
ARANGA	Pav.cls.en Cambas, de límite Monfero a Cainzos e o.	65.983,26
ARES	Ampliación rede abastecemento en Santa Eulalia	33.754,06
ARZÚA	Camiño O Pumariño Castañeda e outro	34.346,46
	Camiño de Fraga Alta (Castañeda) e outro	34.422,48
	Camiño a Casanova (Viños) e outro	30.083,03
A BAÑA	Pavimentación vías públicas en Señor, A Tarroeira	43.806,99
ARTEIXO	Ampliación rede saneamento no lugar de Nostián	134.548,11
BERGONDO	Rede de saneamento e beirarrúas en Ouces (Silvoso)	109.920,25
BOIMORTO	Mell.cm.Piñeiro-Tarreo (Sendelle), Viladóniga-Pedral	30.312,85
BOIRO	Rede de sumidoiros de Beluso a Lomba	51.924,27
CABANAS	Aglomerado na pista de Xicos a Lousada	33.428,66
CAMBRE	Acondicionamento cm. mpais en Cecebre e outros	143.809,16
A CAPELA	Pavimentación vías mpais. nas Neves-Fornelos	33.598,70
CARBALLO	Rede traída auga e san. en Bas (Prrq. de Goiáns)	65.817,17
CARNOTA	Pavimentación e saneamento no Vilar de Carnota	36.270,00
CEDEIRA	Parque infantil no Floreal	31.375,01
CERCEDA	Camiño estra. de Cobelans, O vilar e outro	39.942,50
CERDIDO	Camiño Carreiro da Bola- Arriba de Arriba, Casas	30.331,89
CESURAS	Aglomerado asfáltico vía de Rilo a Filgueira de Traba	30.000,16
CORCUBIÓN	Pavimentación e saneamento 4ª tramo r/Mercedes	36.012,59
CULLEREDO	Pavimentación ponte autovía pola Barreira e Orro	42.171,22
CURTIS	Pav.cm.acceso captación auga potable desde A Lagoa	46.102,45
FENE	Abastecemento na estrada de Laraxe (Limodre)	37.506,87
LOUSAME	Pavimentación camiño en Camboño	39.561,82
MALPICA	Acond. vial r/Emilio González López-Paseo marítimo	70.182,12
MESÍA	Camiño da Torre a estra. Ordes-Lanzá (Albixoi) e o.	31.582,21
MIÑO	Apertura vía na Pedreira (prrrq. Bemantes)	30.124,19
MONFERO	Mellora capa rodadura cm.Castiñeiro-límite Vilarmaior	34.808,62
MUGARDOS	Colector san. augas residuais en Lodairo-Seselle	35.581,28
MUROS	Acondicionamento acceso ao lugar de Vilar.Abelleira	104.012,40
NARÓN	Afirmado e asfaltado cms. Rozavella e Peiruga	52.550,88
NOIA	Saneamento no Vilar de Ousoño	33.000,02
OLEIROS	Sinalización nos Regos, Icaria e outros	92.684,80
ORDES	Camiño de Buscás a Mesón do Vento	45.616,94
OROSO	Mellora redes viarias en Sigüeiro e Oroso	48.575,57
ORTIGUEIRA	Mellora vestiarios pavillón mpal. do CEIP	40.273,33
OZA DOS RIOS	Aglomerado cruce Carraceda a núcleo de Oza	30.013,70
PADERNE	Mellora pav. en prrrq. de Adragonte,Vilamourel e Vigo	30.657,03
PADRON	Acondicionamento vías en Lestido, Herbón,Padrón	75.429,20
PONTECESO	Pavimentación e pluviais en Campara-Sta. Cruz	103.625,05

PONTEDEUME	Pavimentación camiño de Aeón a Castrelo (Centroña)	36.599,80
PONTES (AS)	Pavimentación beirarrúas Avenida de Ferrol	35.257,26
RIBEIRA	Parque público en Figueirido	107.939,09
RIBEIRA	Pavimentación contorna cruceiro dos Remedios	60.000,00
ROIS	Afirmado e acond. pistas en Vilachán-Sabacedo	86.468,40
	Af., acond. pista Pereira, Silvaredonda, Igrexa-Buxán	42.880,80
SADA	Pavimentación camiño do Salto (Tarabelo)	38.380,68
SANTA COMBA	Pavimentación vías públicas en Castriz	82.824,00
SANTIAGO DE C.	Reforzo de firme na vía pública en Barciela	111.476,02
SANTISO	Pavimentación cm. cruce Vilanova a Beigondo	30.138,78
TEO	Afirmado e acond. tramo Rotonda das Viñas a Agrela	31.110,84
TRAZO	Afirmado cm. campo fútbol-Igrexa de Restande	43.305,91
VIMIANZO	Pavimentación acceso a Ogas desde C/552	30.000,00
CARIÑO	Saneamento de fecais en Lamestra (Feás)	44.656,69

TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO 3.019.199,72

NÚMERO DE CONCELLOS 53

NÚMERO DE OBRAS 57

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REHABILITACIÓN PZA. MERCADO CEE – 4ª FASE” DO CONCELLO DE CEE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Aprobar o proxecto reformado da obra “Rehabilitación pza. mercado Cee - 4ª fase” do Concello de Cee, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2009, código: 09.2100.0077.0, que non representan variación no seu orzamento total nin do seu obxecto e finalidade, pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% do orzamento total da obra.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
09.2100.0077.0	Cee	Rehabilitación Pza. mercado Cee - 4ª fase	102.327,86	71.829,83	30.252,75	29.698,12	234.108,56

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á efectiva incorporación dos remanentes procedentes do exercicio 2009 no que se consignará a cantidade necesaria para o financiamento desta obra, na partida 0501/459A/76201 do presuposto provincial para o exercicio 2010.”

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA EP 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO Á LAGOA P.Q. 12+00 A P.Q. 15+360 A LARACHA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0911100001.1).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora do trazado da DP 1909 Carballo a Caión e Acceso á Lagoa PQ 12+00 a PQ 15+630 A Laracha (Código do proxecto reformado 0911100001.1), polo seu orzamento de contrata de 1.760.491,45 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 154.801,18 euros

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario de contrato primitivo, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 1.535.324,59 euros, que representa un incremento respecto o primitivo 135.002,11 euros.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 5.819,06 euros que deberá ingresar o contratista na caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 66.177,79 euros.”

6.- MODIFICACIÓN DO ACORDO APROBADO POLO PLENO NA SESIÓN DO 27-11-2009 RELATIVO Á APROBACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008, 1ª FASE, 8ª RELACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión do 27-11-2009 aprobou provisionalmente o Plan de travesías 2008 1ª fase 8ª relación integrada polo proxecto

Proxecto	Presuposto
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 9302 DE ZAS A ROMELLE E FORCADELA PQ 0,470 AO PQ 0,700. ZAS (0811100019.0)	121.130,09

Tendo en conta que se produciran erros na transcripción do acordo propónse a modificación do acordo da forma que se indica:

Onde di:

Plan de travesías 2008 1ª fase 3ª relación

Debe dicir:

Plan de travesías 2008 1ª fase 8ª relación

E onde di

0811100019.0

Debe dicir

0811300019.0”

7.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 4ª FASE, INTEGRADA POLO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA 3503 DESDE P.Q. 0+400 AO P.Q. 1+200 (FENE) (0411300004.2).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2009 4ª fase integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun presuposto total de 391.306,38 euros:

DENOMINACION	PRESUPOSTO
TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DP 3503 DENDE PQ 0+400 AO PQ 1+200 (FENE) (0411300004.2)	391.306,38

2º.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

8.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS QUE INTEGRARÁN O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLO PROXECTO: MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA), E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“-Aprobar tecnicamente o proxecto que integrarán o Programa de vías provinciais 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito axeitado e suficiente corresponde e á súa aprobación definitiva

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NUCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA)	651.203,96
Totais	651.203,96

-Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que hai que inserir no *Boletín Oficial da Provincia* nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e de acordo cos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA), tales como que:

As actuacións que hai que considerar son:

Ampliación da calzada ata obter 7 m de calzada e 1 m de beiravía

Revestimento en formigón de cunetas en zonas de erosión/pouca pendente.

Tubaxes de pluviais: deberán garantir a estanquidade e o diámetro mínimo será de 30 cm.

Prolongación ou nova construción da drenaxe transversal

Reposición de servizos afectados.

- O obxecto do proxecto é a modificación do trazado da estrada DP 2204 ao seu paso polo núcleo de Pontigas, a modo de variante, para diminuír o paso de tráfico polo devandito núcleo e conseguir un incremento da seguridade viaria.
- Levarase a cabo a ampliación da plataforma ata obter 7 m de calzada e 1 m de beiravías.

A sección tipo proxectada ten as seguintes características:

- Beiravías 1,00 m
- Carrís 3,50 m

A sinalización da estrada, interseccións con estradas e rúas existentes, etc. efectuouse de acordo coas normas do Ministerio de Fomento dadas na Orde circular 8.2.IC "Marcas Vías" de marzo de 1987, pola Dirección Xeral de Estradas, a O.C. nº 209/76 C. E E. de outubro de 1.976 da Dirección Xeral de Estradas de xuño de 1968.

Con respecto á sinalización vertical, reparanse todos aqueles sinais existentes que haxa que trasladar para a construción da obra e ademais colocaranse aqueles que por ampliación e mellora do trazado da estrada sexan necesarios.

Farase necesaria a colocación de barreiras de seguridade debido á existencia de terrapléns de altura superior a 3 m en:

- MARXE DEREITA:
 - 1+460-1580
 - 2+385-2+440

- MARXE ESQUERDA
 - 2+100-2+185
 - 2+615-2+650

Tamén se colocará bionda naqueles puntos nos que é necesario colocar a canle:

- MARXE DEREITA:
 - 2+160-2+190
- MARXE ESQUERDA:
 - 1+430-1+590
 - 2+030-2+100
 - 2+390-2+450

Todo isto co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente de expropiación para a execución das obras

TITULO DO PROXECTO

MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA)
--

mediante publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

9.- MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO Nº 13 DO 29.01.2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo plenario nº. 13 do 29-01-2010 no sentido de Onde di

Complementario nº. 1 do de mellora da seguridade viaria na DP 1704 Cambre Carral PQ 5,920 ao 9,840 (0911200020.0)

Debe dicir

Complementario nº. 1 do de mellora da seguridade viaria na DP 1704 Cambre Carral PQ 5,920 ao 9,840 (Código 0911300020.0)”

10.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E EN CONSECUCIÓN TRANSFERIR A TITULARIDADE DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS BEIRARRÚAS NOS TRAMOS QUE SE RELACIONAN AO CONCELLO DE CARBALLO:

-P.Q. 5+260 AO P.Q. 5+810 NA DP 1914 CARBALLO A PORTOMOIRO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “BEIRARRÚAS EN CANOSA, PARROQUIA DE RUS”.

-P.Q. 1+490 A P.Q. 2+050 NA DP 1914 CARBALLO A PORTOMOIRO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “BEIRARRÚAS IGREXA PONTEROSENDE-IGREXA DE ARDAÑA, PARROQUIA DE ARDAÑA”.

-P.Q. 30+465 A P.Q. 30+545 NA DP 1914 CARBALLO A PORTOMOIRO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO “DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS EN TABOADA-ENTRECRUCES”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobación do expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade dos terreos necesarios para execución das beirarrúas nos tramos que se relaciona ao Concello de Carballo

P.Q. 5+260 ao PQ 5+810 na DP 1914 Carballo a Portomouro para execución das obras do proxecto de “Beirarrúas na Canosa, Parroquia de Rus”

P.Q. 1+490 a P.Q. 2+050 na DP 1914 Carballo a Portomouro para execución das obras do proxecto de “Beirarrúas Ponterosende-Igrexa de Ardaña, parroquia de Ardaña”

P.Q. 30+465 a P.Q. 30+545 na DP 1914 Carballo a Portomouro para execución das obras contidas no proxecto “ Dotación de Beirarrúas en Taboada-Entrecruces”

A cesión circunscríbese unicamente ao tramo das beirarrúas

2º.- Formalizar co Concello de Carballo as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens.

3º. Dar de baixa no inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os citados bens.”

11.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CAMPAÑA “VIVE O MANDEO” DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as bases reguladoras da campaña “Vive o Mandeo” do proxecto Mándeo, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: Río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013,

1.- Aprobar as bases reguladoras da campaña “Vive o Mandeo” do proxecto Mandeo cofinanciado con fondos FEDER, cuxo texto figura no anexo a este acordo.

2.- Remitir este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción de un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de no presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderanse definitivamente aprobadas estas bases reguladoras.”

<p style="text-align: center;">BASES REGULADORAS DA CAMPAÑA “VIVE O MANDEO” PROXECTO MANDEO 2008-2011 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER</p>
--

1.- DENOMINACIÓN E FINALIDADE

Dentro do “**Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais 2008-2011**”, cofinanciado con Fondos Feder, a Deputación Provincial da Coruña poñerá en marcha unha campaña sensibilizadora da importancia do coidado do río que incluírá a adopción de tramos do río para a súa custodia e conservación, así como para a participación en actividades formativas relacionadas coa calidade da auga e en actos de carácter lúdico.

O fin último desta actuación é o de atraer visitantes e potenciar o turismo sostible na zona, xunto co resto das actuacións dispostas no proxecto Mandeo no seu conxunto.

A campaña terá o lema de “**Río Mandeo, víveo é teu**”

2.- DESTINATARIOS

Os destinatarios da campaña “Vive ou Mandeo” son colectivos de persoas, grupos de persoas, comunidades ou colectivos de diferentes tipoloxías: estudantes, grupos veciñais, asociacións de pescadores, asociacións

xuvenís, parroquia, grupos ecoloxistas ou simplemente grupos de amigos que se xuntan para gozar do río.

3.- PROCEDIMIENTO DE SOLICITUDE E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA

Os interesados poderán inscribirse a través dun formulario, que se achega como anexo I e que estará dispoñible na páxina web do proxecto: www.riomandeo.com.

Os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Existir un acordo asinado polos integrantes do grupo, colectivo ou asociación que recolla o interese de participar na campaña, adoptando un tramo de río.
2. Designar un representante do grupo, colectivo ou asociación que será a persoa de contacto cos organizadores da campaña.
3. Demostrar un claro interese polo coidado do río Mandeo.

A solicitude poderá presentarse en calquera momento desde a habilitación do formulario na web, que coincidirá co lanzamento da campaña ata a finalización do proxecto. As solicitudes analizaranse de forma independente e darase resposta individual a cada unha delas.

4.- SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

En función da orde de inscrición, do grado de interese dos solicitantes e da proposta de tramo de río sinalada seleccionaranse os participantes; para iso contarase co apoio dunha comisión de expertos técnicos.

Unha vez validada a proposta, indicárase ao solicitante o tramo de río concreto que lle foi asignado para a súa custodia.

Ás entidades, colectivos ou grupos que participen na Campaña faráselles entrega dun diploma acreditativo como participante na campaña de "Vive o Mandeo".

5.- BENEFICIOS DOS PARTICIPANTES NA CAMPAÑA

Os beneficios para os participantes na campaña concretaranse en:

- a) Recibir formación por técnicos especializados en cuestións de carácter ambiental e de calidade das augas que permitan a participación activa no proxecto, incluíndo o apoio técnico e de coordinación durante a execución da campaña.
- b) Recibir o material necesario para realizar a toma de mostras de carácter experimental no río.

- c) Recibir pezas do material promocional deseñado para o proxecto.
- d) Acceder a unha parte privada da web do proxecto Mandeo e poder introducir datos relativos ás mostras realizadas, así como compartir experiencias e establecer contacto con outras asociacións e grupos.
- e) Ser recoñecido como participante na campaña "Vive o Mandeo" e participación nos actos de carácter institucional e divulgativo que se celebren no marco do proxecto.

6.-COMPROMISOS DOS PARTICIPANTES NA CAMPAÑA

Os compromisos que adquiren os participantes na campaña concretaranse en:

- a) Realizar a custodia do tramo que lles foi asignado, realizando actividades de limpeza, vixilancia e control.
- b) Participar en actividades conxuntas de carácter ambiental que se organicen desde a dirección do proxecto Mandeo: toma de mostras do río, actividades lúdico-formativas, actos de sensibilización ambiental, etc. Neste sentido, deberán realizar polo menos 2 campañas anuais (primavera e outono)
- c) Promover e difundir a imaxe do proxecto Mandeo

ANEXO I

<p style="text-align: center;">MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA "VIVE O MANDEO" DO PROXECTO MANDEO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER</p>
--

<p>1.- TIPOLOXÍA DO SOLICITANTE: GRUPO, COLECTIVO, ENTIDADE, ASOCIACIÓN OU OUTROS. (Nº DE INTEGRANTES)</p>

--

<p>2.- DATOS DE CONTACTO</p>

Persoa de contacto do solicitante:

Enderezo Postal:

Concello:

Provincia:

Correo electrónico:

Teléfono:

Fax:

**3.- XUSTIFICACIÓN DO INTERESE DE PARTICIPACIÓN NA
CAMPAÑA**

**4.- IDENTIFICACIÓN DO TRAMO DO RÍO NO QUE ESTÁN
INTERESADOS**

5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:	
<input type="checkbox"/>	Acordo asinado polos integrantes do grupo
<input type="checkbox"/>	Designación de representante

Lugar e data	
Sinatura do solicitante	

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

12.- APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a segunda fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo na que se inclúen as seguintes actuacións, que serán contratadas por esta Deputación:

Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
10.2800.0021.0	Subministro e instalación de equipamentos lúdicos en 5 emprazamentos da conca Río Mandeo . Pr.Mandeo	418.687,50 179.437,50 598.125,00	0,00 0,00 0,00	418.687,50 179.437,50 598.125,00
10.2800.0022.0	Manual de avaliación do ecosistema fluvial e informe sobre salmónidos Río Mandeo Pr. Mandeo	6.300,00 2.700,00 9.000,00	0,00 0,00 0,00	6.300,00 2.700,00 9.000,00
TOTAL		424.987,50 182.137,50 607.125,00	0,00 0,00 0,00	424.987,50 182.137,50 607.125,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do presuposto provincial para o exercicio 2010.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997 do 22 de xullo, da administración local de Galicia.”

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A FUNDACIÓN CAIXA GALICIA -CLAUDIO SANMARTÍN, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O PERÍODO 2007/2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1º.-Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, a Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento e execución do Plan estratéxico da provincia da Coruña, para o período 2007/2013, cunha achega provincial de 228.284,49€ (75% de financiamento) distribuídas en dúas anualidades. 111.773,35€ para anualidade de 2010 e de 116.511,14€ para a anualidade de 2011 e que se aboará de conformidade co disposto na cláusula V do texto do convenio.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A FUNDACIÓN CAIXA GALICIA-CLAUDIO SANMARTÍN, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O PERIODO 2007/2013.

A Coruña, de de dous mil dez

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en adiante Deputación, con CIF P1500000C e domicilio social na Avenida Alférez Provisional nº 2, da Coruña, actuando en nome e representación de devandita entidade, asistido polo seu secretario xeral, D. José Luís Almau Supervía

O Excmo. Sr. D. José Luís Méndez López, vicepresidente da Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín, en adiante Fundación, con CIF G15169188 e domicilio social na Rúa Nova, 30, da Coruña, actuando en representación de devandita entidade

O Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en adiante USC, con CIF Q1518001A e domicilio social na Praza do

Obradoiro, s/n, de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da devandita entidade e do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia, en diante IDEGA.

O Excmo. Sr. D. José María Barja Pérez, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, en adiante UDC, con CIF Q6550005J e domicilio social na Rúa Maestranza, 9, da Coruña, actuando en nome e representación de devandita entidade

EXPOÑEN

I. Que a Deputación ten entre as súas principais competencias a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito e, en xeral, o fomento e administración dos intereses xerais da provincia da Coruña, procurando a potenciación e desenvolvemento sostible das súas bases económico-sociais, tanto en materia de infraestruturas e servizos aos concellos, como no afianzamento e diversificación dos distintos sectores produtivos que conforman o tecido social e empresarial do seu territorio.

II. Que a Fundación é unha persoa xurídica privada, de natureza fundacional e de interese galego, que ten o carácter de obra social propia da Caixa de Aforros de Galicia. Foi constituída co obxecto de consagrar as súas actividades á acción cultural en calquera das súas posibles manifestacións, o que leva a efecto na práctica por medio da realización de múltiples e diversas actuacións, na liña das contidas no Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo e no Decreto do Consello da Xunta de Galicia 261/1999, do 17 de setembro, polo que se desenvolve a regulación da obra benéfico social de Caixas de Aforro de Galicia. Dependente da Fundación atópase o Centro de Investigación Económica e Financeira, en diante CIEF, entidade que conta cun recoñecido prestixio de ámbito nacional na elaboración de estudos socio-económicos e acreditada experiencia na participación en proxectos de planificación estratéxica.

III. Que a USC e UDC son institucións de dereito público que levan a cabo actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, que teñen como un dos seus fins a investigación en materias que afecten ao desenvolvemento económico de Galicia e unha mellor estruturación social desta.

IV. Que o servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e UE, en adiante Planificación/UE, é a unidade provincial que ten atribuída e desenvolve, entre outras, as competencias nos ámbitos da planificación estratéxica e o desenvolvemento local, así como a xestión e coordinación de proxectos europeos no territorio provincial.

VO IDEGA é un centro da USC que ten como principais obxectivos a realización de proxectos de investigación básica e aplicada no ámbito das ciencias sociais, tanto sobre os problemas de desenvolvemento económico do pasado como do presente, con especial atención á realidade social e económica de Galicia.

VI. Que, para a consecución dos fins referidos no expositivo anterior, a Deputación conxuntamente coa Fundación, formalizaron a súa colaboración coa USC e a UDC

para a elaboración do Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013, en diante Plan estratéxico, a través dos convenios seguintes:

1. Convenio de Colaboración nº 318/2004, de 17/12/2004, coa Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, para a elaboración do Plan estratéxico.
 2. Convenio nº 59/2005 de 19/05/2005 coa Universidade de Santiago de Compostela, desenvolvendo o convenio nº 318/2004.
 3. Convenio nº 83/2005 de 14/06/2005 coa Universidade da Coruña, desenvolvendo o convenio nº 318/2004.
- VII. Que o Plan estratéxico foi aprobado polo seu Comité de Dirección e pola súa Dirección Executiva en sendas reunións realizadas o día 24/04/2007.
- VIII. Que para procurar o desenvolvemento e execución do Plan estratéxico, a Deputación e a Fundación formalizaron a súa cooperación coa USC e a UDC mediante o convenio de colaboración nº 298/2007, de 28/12/2007. Este convenio aplicouse durante o período 2008/2009.
- IX. Que de acordo co disposto no convenio de colaboración nº 298/2007, durante o período 2008/2009 veu funcionando na USC, a través do IDEGA, a Dirección Técnica do Plan estratéxico.
- X. Que en virtude de canto queda exposto e cumprindo a vontade das entidades a que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

I. OBXECTO

É obxecto do presente convenio a realización dun proxecto de investigación encamiñado á eficaz execución, ao puntual seguimento e á adecuada avaliación para a xestión e aplicación do Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013. O referido proxecto comprenderá entre outros: a actualización periódica dos diagnósticos, obxectivos estratéxicos e accións formuladas, a elaboración de proxectos para obter o financiamento dos fondos europeos, así como un informe sobre as accións necesarias para a súa aprobación, execución e xustificación.

II. CONTIDO

O presente convenio ten por finalidade a realización das actividades que seguidamente se indican:

- A) A posta en práctica das accións estratéxicas propostas no plan, que supoñerá, á súa vez, a realización das seguintes tarefas:
- Elaboración dunha proposta metodolóxica para impulsar a execución do Plan estratéxico.
 - Preparación das propostas priorizadas, tecnicamente motivadas e adecuadamente territorializadas das intervencións a realizar no marco do Plan estratéxico, por períodos bianuais anticipados e coa previsión da substitución destas ante a inviabilidade sobrevinda, ou da súa ampliación pola dispoñibilidade de recursos económicos incorporados.

- A determinación dos actores sociais e das administracións públicas, nacionais ou estranxeiros, que deban participar na definición, xestión, execución, seguimento e avaliación das intervencións propostas para cada bienio e a elaboración dos anteproxectos dos convenios oportunos.
 - A elaboración das prescricións técnicas necesarias para a encomenda dos proxectos técnicos correspondentes, avaliación do seu custo e determinación das fontes de financiamento públicas ou privadas e, no seu caso, para a asistencia técnica oportuna.
 - A determinación dos trámites necesarios para obter as licenzas e autorizacións preceptivas e os compromisos de xestión ou achega dos axentes públicos ou privados participantes que sexan necesarios para garantir a viabilidade xurídica, económica e técnica das intervencións seleccionadas.
 - A elaboración da documentación e a realización da tramitación que requira a aprobación e financiamento administrativa preceptiva.
 - A dirección e coordinación das intervencións desde a perspectiva do seu adecuado deseño e correcta e puntual xustificación ante os entes públicos ou privados participantes e/ou cofinanciadores.
 - A emisión de informes de xestión, avaliación e seguimento que permitan coñecer o estado de execución dos programas e intervencións aprobados.
 - A formulación de propostas de acción encamiñadas a optimizar a execución das intervencións seleccionadas e á consecución dos obxectivos estratéxicos contidos no plan.
 - Actualización do plan de comunicación e realización de propostas para as accións dispostas nel.
 - Actualización permanente da páxina web do plan, preparación de notas de prensa, cursos, conferencias, actividades informativas, reunións e presentacións, revistas, anuncios, etc., de tal forma que se garanta a maior difusión posible das actividades do Plan estratéxico.
 - Propoñer un plan de acción que promovan a participación cidadá e dos grupos e asociacións en que se integran.
- B) Conforme co indicado no apartado anterior, a elaboración dos proxectos de actuación que así se determinen polo Comité de Dirección do Plan, a súa presentación ante as entidades públicas que correspondan coa finalidade de obter o seu financiamento, principalmente a correspondente aos fondos europeos e, no seu caso, a súa execución e xustificación.
- C) O seguimento e avaliación das accións previstas no Plan estratéxico, que implicará a execución das actividades que seguidamente se indican:
- Elaboración dos informes de avaliación (inicial, anual, intermedio e final) sobre a xestión e execución dos programas e intervencións propostas abordadas e sobre o grao de consecución dos obxectivos estratéxicos contemplados no plan.
 - Confección periódica e comparativa dos indicadores, índices e demais instrumentos de análise e valoración que sexan necesarios ou convenientes para o seguimento e avaliación das intervencións realizadas.
 - O seguimento económico, financeiro, presupostario e técnico das intervencións co fin de poder realizar en cada momento as xestións necesarias para a súa correcta execución no prazo previsto e para garantir a súa xustificación en condicións e prazos adecuados aos compromisos subscritos.

- A detección e diagnóstico en tempo e forma das desviacións entre as previsións e os obxectivos programados e as realizacións e obxectivos alcanzados.
 - A proposta de medidas correctoras e a adecuación dos obxectivos programados ante as desviacións detectadas.
 - A remisión de cantos documentos, formularios ou informes requiran os compromisos adquiridos con outros axentes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.
- D) A actualización periódica dos diagnósticos, obxectivos, estratexias, e accións contidas no plan estratéxico, que requirirá a realización dos seguintes cometidos:
- No primeiro trimestre de cada exercicio realizarase unha valoración dos obxectivos programados e alcanzados no período anterior, e os pendentes de lograr, acompañada dun informe sobre as causas das desviacións, se as houbese, e unha proposta de medidas correctoras, no seu caso.
 - No devandito informe analizaranse as modificacións acaecidas na contorna operativa (modificacións normativas, económicas, presupostarias, financeiras ou técnicas) e avaliaranse as súas consecuencias nos prazos e condicións previstos para os obxectivos estratéxicos iniciais.
 - Ante a inviabilidade sobrevinda dunha intervención, ou en previsión de posibles economías de execución estará prevista a súa substitución por outra ou outras equivalentes.

III. ORGANIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN, SEGUIMENTO E ACTUALIZACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

Para levar a cabo as actuacións que constitúen o obxecto e contido do presente convenio cóntase cos seguintes órganos:

III.1. O Comité de Dirección do Plan

Órgano colexiado coa seguinte composición, funcións e normas de funcionamento:

III. 1.a) Composición:

- Presidente da Deputación, que o presidirá.
- Deputados dos grupos políticos provinciais.
- 1 técnico coordinador do desenvolvemento do plan.
- 2 representantes da Fundación.
- Representante da USC.
- Representante da UDC.
- Secretario xeral da Deputación.
- Interventor xeral da Deputación.
- Xefe de gabinete da Presidencia da Deputación.
- Secretario da comisión: xefe de Planificación/UE.

III.1.b) Funcións:

- Coñecer e informar todas as propostas do técnico - coordinador do desenvolvemento do plan.

- Aprobar os documentos de desenvolvemento do Plan.
- Propoñer a preparación e realización de proxectos e actividades.
- Realizar ou supervisar informes periódicos.
- Realizar avaliacións temporais.
- Formular propostas de actualización.
- Establecer os obxectivos trimestrais a realizar polo técnico-coordinador do desenvolvemento do plan e avaliar coa mesma periodicidade o seu cumprimento.

III. 1.c). Normas de funcionamento:

- Celebración de polo menos unha reunión trimestral.
- As convocatorias realizaraas o secretario da Comisión a indicación da Presidencia.
- As propostas formularas a Presidencia e os acordos adoptaranse por consenso. En caso de realizarse votación, o voto da Presidencia decidirá os casos de empate.
- Poderán asistir ás reunións os técnicos provinciais que expresamente indique a Presidencia.

III.2. Dirección Técnica do Plan:

III.2.a) Composición:

- A USC, a través do IDEGA, será a encargada da contratación das persoas necesarias para levar a cabo as tarefas que correspondan para a dirección técnica e coordinación do plan conforme aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.
- O equipo de traballo da Dirección Técnica estará formado como mínimo por un investigador principal da USC e un técnico -coordinador do desenvolvemento do plan, que será un profesional de recoñecido prestixio e cualificación. O persoal dependerá para todos os efectos da USC a través do IDEGA, e as súas actividades non supoñerán en ningún caso relación contractual ningunha con ningunha das restantes entidades asinantes do presente convenio.

III.2.b) Funcións:

- Posta en marcha e dinamización do Plan estratéxico.
- Definición, seguimento, avaliación, asesoramento e impulso dos programas e intervencións previstos no marco do plan estratéxico.
- Realización de informes e asesoramento nos labores de posta en marcha das intervencións estratéxicas.
- Deseño de programas, accións e intervencións.
- Demais actividades descritas na cláusula II.

III. 2.c) Asignacións á Dirección Técnica do Plan:

CONCEPTO DE GASTO	TOTAL	ANULIDADE	
		2010	2011
Custos salariais	158.377,93€	77.196,20€	81.181,73€
Auxiliar de apoio	33.484,56€	16.742,28€	16.742,28€
Indemnizacións por desprazamentos	17.272,20€	8.466,60€	8.805,60€
Gastos de oficina	12.736,20€	6.243,00€	6.493,20€
TOTAL	221.870,89€	108.648,08€	113.222,81€

III.3. Secretariado do Plan

III.3.a) Composición:

Os labores de secretariado do Plan serán exercidas polo responsable do servizo provincial de Planificación/UE e, no seu caso, polos/as técnicos/as deste.

III.3.b) Funcións:

- Convocatorias do Comité de Dirección e elaboración das actas das sesións.
- Coordinación e seguimento do Plan estratéxico e das súas intervencións a nivel interno da Deputación e relación cos Servizos Provinciais.
- Comunicación e notificación de acordos, informes ou propostas de actuación aos destinatarios e interesados.

IV. ACTIVIDADES A DESENVOLVER

En relación coa realización das tarefas e funcións que constitúen o obxectivo e contido do presente convenio, as distintas partes realizarán os cometidos que seguidamente se indican:

- A Deputación asume o Secretariado do Plan, o procedemento da intervención e o financiamento dos gastos oportunos cos límites e coas condicións establecidas na cláusula V do presente convenio.
- A Fundación, a través do seu Centro de Investigación Económica e Financeira (CIEF), prestará á Dirección Técnica o asesoramento necesario para o desenvolvemento do plan, a implementación das estratexias e medidas e o seu seguimento. Complementariamente poñerá a disposición da Dirección Técnica todos os estudos e informes que realiza periodicamente sobre a economía galega. Ademais, a Fundación aportará o espazo, o mobiliario e os medios necesarios na cidade da Coruña para situar a sede da Dirección Técnica. A USC e a UDC designarán aos profesores-colaboradores, que percibirán unha

asignación por cada informe ou participación que lle sexa requirida polo Comité de Dirección a proposta da Dirección Técnica.

· A USC, a través do IDEGA, asume a Dirección Técnica do Plan.

V. ORZAMENTO, ACHEGAS E FORMA DE PAGAMENTO

O orzamento das actividades descritas ascende a un total de 257.371,02€ que se detalla nos seguintes conceptos:

CONCEPTO DE GASTO	TOTAL	ANUALIDADE	
		2010	2011
Profesores colaboradores	1.930,00€	930,00€	1.000,00€
Custos salariais	158.377,93€	77.196,20€	81.181,73€
Auxiliar de apoio	33.484,56€	16.742,28€	16.742,28€
Desprazamentos	17.272,20€	8.466,60€	8.805,60€
Gastos de oficina	12.736,20€	6.243,00€	6.493,20€
Outros gastos (custos USC)	33.570,13€	16.436,71€	17.133,42€
TOTAL	257.371,02€	126.014,79€	131.356,23 €

O orzamento previsto cubrirase coas seguintes achegas máximas por parte da Deputación e da Fundación:

ENTIDADE	ACHEGAS	ANUALIDADES	
		2010	2011
	IMPORTE		
DEPUTACIÓN	228.284,49€	111.773,35€	116.511,14€
FUNDACIÓN	29.086,53€	14.241,44€	14.845,09€
TOTAL	257.371,02€	126.014,79€	131.356,23€

O importe dos gastos xustificadas libraranse pola Deputación á USC. Para este efecto, o técnico-coordinador do desenvolvemento do Plan estratéxico elaborará un informe sobre a evolución dos traballos por trimestres vencidos, acompañado da seguinte documentación:

- Memoria detallada das actividades desenvolvidas segundo Estipulación II subscrita polo técnico - coordinador e aprobada polo Comité de Dirección.
- Certificación detallada de gastos do trimestre emitida por cada unha das universidades, co detalle polos conceptos indicados no orzamento, identificación do receptor e dos importes individualizados.

Os pagamentos que realice a Deputación, que alcanzarán como máximo o 88,69860% do importe das certificacións de gasto presentadas, requirirán en todo caso o informe favorable do Servizo de Planificación/UE e da Intervención Xeral. Dos pagamentos realizados darase conta ao servizo de Patrimonio e Contratación.

Á súa vez, a Fundación pagará como máximo o 11,30140% das certificacións de gasto presentadas.

VI. RÉXIME XURÍDICO, INTERPRETACIÓN E MODIFICACIÓNS.

O presente convenio rexerase polo disposto nel e na normativa nacional aplicable, principalmente polo Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e as súas correspondentes normas de desenvolvemento.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivadamente polo Comité de Dirección do Plan, pero ante a falta de acordo dentro dos quince días hábiles seguintes aos da formulación da cuestión a integrar, interpretar ou resolver, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimar oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas ao foro xurisdiccional dos órganos da administración de xustiza que foren competentes no ámbito da Coruña.

VII. TITULARIDADE DA PROPIEDAD INTELLECTUAL

A propiedade dos estudos, traballos, propostas, proxectos, resultados e conclusións que deriven do desenvolvemento do presente convenio corresponderán exclusivamente á Deputación, aínda que as universidades e a Fundación poderán dispoñer daqueles nos termos que determine o Comité de Dirección.

VIII. PUBLICIDADE DAS PARTICIPACIÓNS

O nome e anagrama da Fundación e das universidades figurarán, de xeito visible e ocupando un espazo similar ao que ocupen os da propia Deputación, en todas as actuacións obxecto da colaboración pactada no presente convenio, así como en todos os medios que se empreguen para anunciar ou dar a coñecer as ditas actuacións.

IX. VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2011.

A anualidade correspondente a 2011 será a que resulte de aplicar á anualidade prevista para 2010 o IPC Xeral do período anual anterior. En todo caso, as achegas non superarán os importes inicialmente previstos para a dita anualidade.

O compromiso de gasto da Deputación para 2011 queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para este ano, e que exista nel dotación presupostaria adecuada e suficiente para afrontar a mencionada achega.

X. INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado en sesión plenaria provincial celebrada o de xaneiro de dous mil dez.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar sextuplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA	O REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Salvador Fernández Moreda	José María Barja Pérez
O REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	O VICEPRESIDENTE DA FUNDACION CAIXA GALICIA-CLAUDIO SAN MARTIN
Senén Barro Ameneiro	José Luís Méndez López

14.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA FINANCIAR O PROGRAMA URBANISMO EN REDE.

INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. O Grupo Popular desta Deputación, neste punto 14 e no punto número 15, abstívose xa na Comisión e vaise abster no Pleno, xa que consideramos que os concellos de máis de 20.000 habitantes que podían adherirse a este programa Urbanismo en Rede, só dous, Cambre e Culleredo, solicitarono, pero entendemos que a modificación da asunción por parte da Deputación do 10% que correspondería aos concellos, deixa aos demais concellos, a trece concellos que puideron participar neste programa, en condicións non iguais. E dicímolos porque supoño que algún concello, debido ás dificultades económicas que están sufrindo as arcas municipais de todos os concellos de Galicia e

en especial, por que non, os que teñen máis habitantes e estes trece concellos da Coruña, podíanse adherir a este programa se soubesen desta modificación que se dá agora. Nós aplaudimos a modificación, aplaudimos que a Deputación asuma este 10%, pero lamentamos que outros concellos non se sumaron a este programa, quizais por falta de fondos ou por falta doutras explicacións. Moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Gacio. A verdade é que non houbo ningunha modificación que eu saiba. Este foi un programa que nos ofertou o Ministerio de Industria a través do Programa Avanza-2 que ofertamos a todos os concellos, e eu tiven unha reunión aquí, na Deputación, na sexta planta, con todos os concellos que acudiron á convocatoria, e alí dixémoslles desta posibilidade e dixémoslles que tiñan que pagar o 30%, pero que a Deputación estaba disposta a asumir o 20% dese custo, co cal terían que pagar os concellos o 10% e diso hai constancia no informe que se deu aos Sres. deputados, cando di: “...Nesta liña de colaboración convocouse unha reunión presidida polo presidente da Corporación, na que se lles ofreceu a posibilidade de que a Deputación financiase o 20% do orzamento total das actuacións a realizar en cada concello”. Só responderon dous concellos, o de Cambre e o de Culleredo, e hoxe traemos á aprobación do Pleno o convenio que regulará a relación entre a Deputación e o Concello de Cambre e Culleredo para ter acceso a este programa. O Concello de Cambre terá que aportar 7.804 euros e o de Culleredo 13.196 euros, que é o correspondente á parte do 10% que eles teñen que financiar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1.- Acordar a urxencia da incorporación do expediente na orde do día da convocatoria.
- 2.- Conceder unha achega ao Concello de Cambre polo importe de 15.609,40 para garantir o financiamento dos proxectos que está a promover dentro do PROGRAMA URBANISMO EN REDE.
- 3.- Aprobar o texto do convenio a través do que se asinarán os compromisos do proxecto PROGRAMA URBANISMO EN REDE.
- 4.-O financiamento da achega incorporada na presente proposta será imputado á partida 0305/414B/462.01
- 5.- Facultar ao presidente para a sinatura do mencionado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA FINANCIAR O PROGRAMA URBANISMO EN REDE

A Coruña, de do dous mil dez

REUNIDOS

Dunha banda,

O Sr. Don Antonio Varela Saavedra que actúa en nome e representación do Concello de Cambre.

E doutra,

O Sr. D. Salvador Fernández Moreda en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en calidade de presidente e consonte ás competencias que ten atribuídas.

As partes, en nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1. Que co fin de continuar na colaboración cos concellos en temas relacionados co desenvolvemento da sociedade da información e na mellora e utilización das novas tecnoloxías, a Deputación provincial promove unha nova liña de cooperación cos concellos da provincia, en consonancia co establecido no art. 109 da Lei de administración local de Galicia, 5/97 de 22 de xullo, naqueles concellos que estean a promover proxectos encamiñados ao desenvolvemento no ámbito territorial da provincia da Coruña no marco do PLAN AVANZA 2 da Secretaría do Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información- Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Unha das principais medidas incluídas no mencionado plan é a utilización de recursos públicos para a consecución dos obxectivos do impulso da sociedade da información mediante programas de desenvolvemento e implantación de servizos electrónicos que faciliten a prestación de servizos públicos dixitais a cidadáns e empresas. Neste sentido, a entidade pública empresarial Red.es, a partir dun convenio de colaboración suscrito polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a mencionada entidade pública Red.es, puxo en marcha o PROGRAMA URBANISMO EN REDE, en febreiro do ano 2007, co obxectivo de impulsar a introdución das TIC na xestión urbanística municipal.

2. Que logo de levar a cabo unha primeira actuación destinada a testar a viabilidade do programa en diversos concellos, tres deles na provincia da Coruña. No ano 2009, Red.es publicou unha primeira convocatoria de adhesión aberta á totalidade das administracións locais españolas. Segundo informa o Servizo de Asistencia a Municipios considérase interesante promover un convenio de colaboración cos

restantes municipios da provincia no mencionado programa URBANISMO EN REDE. Nesta liña de colaboración convocouse unha reunión presidida polo presidente da Corporación, na que se lles ofreceu a posibilidade de que a Deputación financiase o 20% do orzamento total das actuacións a realizar en cada concello.

3.-Que os únicos que presentaron candidatura foron os concellos de Cambre e Culleredo.

4.-Que o financiamento das achegas incorporadas na presente proposta será imputado á partida 0305/414BC46201 do seguinte xeito:

CONCELLO	PRESUP. ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO		
		Red. es (70%)	Concello (10%)	Deputación (20%)
Cambre	78.047,00 €	54.632,90 €	7.804,70 €	15.609,40 €

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente de Deputación e do CONCELLO DE CAMBRE ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CAMBRE, P-1501700G, para o financiamento da posta en marcha do proxecto Urbanismo en Rede.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello de Cambre levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CUSTO DO EQUIPAMENTO	8.500
IMPLANTACIÓN CONSOLA DE PLANEAMENTO	2.000
CAPACITACIÓN	7.200

SISTEMATIZACIÓN PLANEAMIENTO	DO	43247
SISTEMATIZACION E XESTIÓN PROXECTO	DO	17.100
TOTAL		78.047,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.609,40 €, o que representa unha porcentaxe do 20 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20 %, da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do 100 % do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/462.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito, unha vez sexa asinado o presente convenio.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMBRE na documentación aportada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMBRE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMBRE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMBRE o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE CAMBRE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, farase constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMBRE.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte co disposto na Base 55ª.2 das de execución do Orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CAMBRE pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a realización da actividade, xustificarse o gasto, unha vez que conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada) :

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMBRE , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMBRE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMBRE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMBRE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMBRE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMBRE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMBRE poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMBRE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostas nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMBRE serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMBRE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata un ano a contar dende a súa sinatura.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE CAMBRE, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e

previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMBRE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil dez.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DO CONCELLO DE
PROVINCIAL DA CORUÑA CAMBRE

Salvador Fernández Moreda

Antonio Varela Saavedra”

15.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O PROGRAMA URBANISMO EN REDE.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1.-Acordar a urxencia da incorporación do expediente na orde do día da convocatoria.
- 2.- Conceder unha achega ao concello de Culleredo por importe de 26.392,80 para garantir o financiamento dos proxectos que está a promover dentro do PROGRAMA URBANISMO EN REDE.
- 3.- Aprobar o texto do convenio a través do que se asinarán os compromisos do proxecto PROGRAMA URBANISMO EN REDE.
- 4.-O financiamento da achega incorporada na presente proposta será imputado á partida 0305/414B/462.01.
- 5.- Facultar ao presidente para a sinatura do seguinte convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O PROGRAMA URBANISMO EN REDE

A Coruña, de do dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha banda,

O Sr. Don Julio Sacristán de Diego que actúa en nome e representación do Concello de Culleredo.

E doutra,

O Sr. D. Salvador Fernández Moreda en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña que actúa en calidade de presidente e consonte ás competencias que ten atribuídas.

As partes, en nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1.-Co fin de continuar coa colaboración cos concellos en temas relacionados co desenvolvemento da sociedade da información e na mellora e utilización das novas tecnoloxías, a Deputación provincial promove unha nova liña de cooperación cos

concellos da provincia, en consonancia co establecido no art. 109 da Lei de administración local de Galicia, 5/97 de 22 de xullo, naqueles concellos que estean a promover proxectos encamiñados ao desenvolvemento no ámbito territorial da provincia da Coruña no marco do PLAN AVANZA 2 da Secretaría do Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información- Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Unha das principais medidas incluídas no mencionado plan e a utilización de recursos públicos para a consecución dos obxectivos do impulso da sociedade da información mediante programas de desenvolvemento e implantación de servizos electrónicos que faciliten a prestación de servizos públicos dixitais a cidadáns e empresas. Neste sentido, a entidade pública empresarial, Red.es, a partir dun convenio de colaboración suscrito polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a mencionada entidade pública Red.es, puxo en marcha o PROGRAMA URBANISMO EN REDE, en febreiro do ano 2007, co obxectivo de impulsar a introdución das TIC na xestión urbanística municipal.

2.-Logo de levar a cabo unha primeira actuación destinada a testar a viabilidade do programa en diversos concellos, tres deles na provincia da Coruña. No ano 2009, Red.es publicou unha primeira convocatoria de adhesión aberta á totalidade das administracións locais españolas. Segundo informa o Servizo de Asistencia a Municipios considérase interesante promover un convenio de colaboración cos restantes municipios da provincia no mencionado programa URBANISMO EN REDE. Nesta liña de colaboración convocouse una reunión presidida polo presidente da Corporación, na que se lles ofreceu a posibilidade de que a Deputación financiase o 20 % do orzamento total das actuacións a realizar en cada concello.

3.-Os únicos que presentaron candidatura foron os concellos de Cambre e Culleredo.

4.-O financiamento das achegas incorporadas na presente proposta será imputado á partida 0305/414BC46201 do seguinte xeito:

CONCELLO	PRESUP. ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO		
		Red. es (70%)	Concello (10%)	Deputación (20%)
Culleredo	131.964,00 €	92.374,80 €	13.196,40 €	26.392,80 €

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente de Deputación e do CONCELLO DE CULLEREDO ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes
CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CULLEREDO, P-1503100H, para o financiamento da posta en marcha do proxecto Urbanismo en Rede.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello de CULLEREDO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CUSTO DO EQUIPAMENTO	10.500
IMPLANTACIÓN CONSOLA DE PLANEAMENTO	2.000
CAPACITACIÓN	7.200
SISTEMATIZACIÓN DO PLANEAMENTO	95.164
SISTEMATIZACION E XESTIÓN DO PROXECTO	17.100
TOTAL:	131.964,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 26.392,80 €, o que representa unha porcentaxe do 20 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20 %, da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do 100 % do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/462.01, na que a Intervención provincial certificou

que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito, unha vez sexa asinado o presente convenio.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CULLEREDO na documentación aportada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CULLEREDO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CULLEREDO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CULLEREDO o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE CULLEREDO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, farase constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CULLEREDO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte co disposto na Base 55ª.2 das de execución do Orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CULLEREDO pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe do presuposto

subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a realización da actividade, xustificarse o gasto, unha vez que conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada) :

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE CULLEREDO , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CULLEREDO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CULLEREDO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CULLEREDO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CULLEREDO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CULLEREDO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CULLEREDO poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CULLEREDO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CULLEREDO serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CULLEREDO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata un ano a contar dende a súa sinatura.
2. Previa solicitude do CONCELLO DE CULLEREDO , realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CULLEREDO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de de dous mil dez.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DO CONCELLO DE
PROVINCIAL DA CORUÑA CULLEREDO

Salvador Fernández Moreda

Julio Sacristán de Diego”

16.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009.

Dar conta ao Pleno da liquidación do orzamento da Deputación provincial do exercicio 2009.

17.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.
- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza Fiscal nº 10* reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza (artigo 4) de acordo co texto que figura no expediente.

2º) Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º) Unha vez aprobada definitivamente, procederáse á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal número 10, reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e será de aplicación para o curso escolar 2010-2011.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

18.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación das ordenanzas fiscais e reguladoras de prezos públicos.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforma o xefe do Servizo de Xestión Tributaria.

- Texto proposto para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe Técnico que incorpora os estudos económico-financeiros da avaliación de custos (art. 24.2 e 44 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da *Ordenanza n° 12* reguladora do prezo público por servizos no Centro Residencial Docente Calvo Sotelo de acordo co texto que figura no expediente.

2º).- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º).- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da ordenanza número 12, reguladora do prezo público por servizos no Centro Residencial Docente Calvo Sotelo.

4º.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producen reclamacións contra ela e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo: para o curso escolar 2010/2011.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva das ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

19.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE MUXÍA EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓNS DA LEI DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Muxía en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

20.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE ARZÚA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Arzúa.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

21.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BERGONDO.

INTERVENCIÓNS

Sr. presidente

Propoñeríalles aos grupos porque do punto 21 ata o 36 son iguais, son aceptación de competencias por parte dos concellos de Bergondo, Cabanas, Camariñas,

Cedeira, Cee, Fene, Narón, Melide, Muxía, Padrón, Pontedeume, Porto do Son, Sada, Santa Comba, Teo e Cariño. Como son todos iguais, parécelles que fagamos unha única votación que abarque todos os puntos? Para evitar repetir.

Sr. Gacio Vázquez

Eu xa falara co Sr. secretario e xa quedaramos niso, pero soamente cunha pequena salvidade, que era no punto 35, Concello de Teo, xa que hoxe sae na prensa que este mércores pasado no concello non foi aceptada a delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores e infraccións de normas de tráfico do concello por dous grupos que votaron en contra do goberno do Concello de Teo, e entón eu preguntáballe ao Sr. secretario cal era, pero non hai constancia neste momento en que estamos celebrando o Pleno.

Sr. Presidente

Eu creo que mentres que non teñamos unha certificación oficial do concello de que non quere isto, temos unha certificación oficial de que di que o quere, entón o lóxico é aprobalo e se hai unha comunicación dicindo que desisten disto, tomar nota e desistir.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Bergondo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

22.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CABANAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Cabanas.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

23.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Camariñas.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

24.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CEDEIRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Cedeira.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

25.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CEE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Cee.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

26.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE FENE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Fene.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

27.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE NARÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Narón.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

28.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MELIDE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Melide.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

29.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MUXÍA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Muxía.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

30.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE PADRÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Padrón.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

31.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Pontedeume.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

32.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Porto do Son.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao

establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

33.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE SADA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Sada.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

34.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE SANTA COMBA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Santa Comba.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

35.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE TEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Teo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

36.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CARIÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Cariño.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

37.-SUBVENCIONES NOMINATIVAS A UNICEF E CRUZ ROJA PARA PALIAR OS EFECTOS DO SISMO EN HAITÍ.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a concesión das seguintes axudas:

◇ FUNDACIÓN UNICEF- Comité Español (G84451087):	10.000,00
euros	
◇ CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q2866001G):	10.000,00 euros

Este importe farase efectivo con cargo á aplicación presupostaria 0103/232B/481.

2º.- Comunicarlles ás entidades beneficiarias que deberán presentar antes do 31.12.2010, cadansúa certificación do destino dos fondos á finalidade prevista, así como unha memoria das actividades realizadas. O incumprimento da finalidade das achegas ou da xustificación documental aludida, poderá dar lugar

á obriga de reintegrar as cantidades recibidas sen prexuízo das responsabilidades que se poidan orixinar.

3º.- Resultará de aplicación a normativa establecida de ámbito estatal e autonómica reguladora das subvencións públicas.

4º.- Facultar o presidente para as actuacións que se requiran como consecuencia da execución do presente acordo.”

38.-CORRECCIÓN DE ERROS DAS SUBVENCIONES NOMINATIVAS DA BASE 49ª.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Corrixir os erros detectados nas seguintes subvencións nominativas recollidas na Base nº 49ª das de execución do orzamento:

a) Subvención nominativa á Fundación refuxio de animais, onde di 0305/172A/481 debe dicir **0305/169B/481**.

b) Subvención nominativa á Universidade da Coruña, onde di 0305/326A/481 debe dicir **0305/432A/481**.”

39.-MODIFICACIÓN DA BASE 49ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO EXERCICIO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da Base 49ª de execución do Orzamento Provincial.

1º-1- Modificar as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0305/414B/462	Concello Arzúa (1)	P1500600J	Sétima feira agricultura ecolóxica a celebrar en Arzúa	60.000,00	75.000,00	80,00
0305/432A/462.01	Concello de Ferrol (1)	P1503700E	Plan de mellora da calidade turística	150.000,00	187.500,00	80,00

*(1) Inclúese o presuposto subvencionado e a porcentaxe.

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

O Grupo Popular ten dúas preguntas e un rogo, unha da Sra. Esther González e dúas miñas.

O Grupo Popular queríalle facer unha proposta a este Pleno da Deputación con motivo da entrada en vigor o próximo 1 de xullo de 2010 con carácter indefinido, a modificación introducida polo artigo 79 da Lei 26/2009 do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010. O tema está no imposto sobre o valor engadido, o tipo impositivo pasará, segundo nos din do 16% ao 18%, isto dará lugar a que as obras promovidas polos concellos, que xa foron adxudicadas a día de hoxe, ou van ser licitadas e adxudicadas antes do 1 de xullo do presente ano e que previsiblemente finalicen con posterioridade a esta data, supoñerán para o concello un custo maior do inicialmente previsto. O anterior deriva que a propia Lei reguladora do IVE establece no seu artigo 75.2 bis, que cando se trate de obras cuxos destinatarios sexan as administracións públicas, o devengo do imposto producirase no momento da súa recepción, así o tipo impositivo inicial previsto é o que determina o importe do contrato, e o que antes era o 16%, pasará a ser do 18%. En 2010 todos os concellos acometerán un número importante de obras que será difícil que estean finalizadas na súa totalidade antes do próximo 1 de xullo. Por iso o Grupo Popular está seriamente preocupado pola economía, xa bastante deficitaria dos concellos e pregunta, fai unha proposta, de que se cre unha Comisión para avaliar as solucións que habería para que os concellos non se visen que este 2% que se trata de moito diñeiro, sobre todo dentro dos plans provinciais que promove esta Deputación, quen poida asumilas, ou como facer para que non detraian estas cantidades ás arcas municipais.

Sr. presidente

Iso ten un alcance que eu son incapaz de valorar nestes momentos, polo tanto estudarémolo.

Sr. Gacio Vázquez

O Grupo Popular tamén ten outro rogo doutro estudo da Deputación para que se valoren as cantidades que neste momento van deixar de percibir os concellos da provincia da Coruña dos fondos do Estado, debido á situación actual, e que nun concello pequeno superan os 100.000 euros, eu dígoo polo meu, que xa o analicei, é 100.000 euros. A verdade é que na provincia da Coruña, segundo os nosos estudos, pero que non están suficientemente..., supón 33 millóns de euros que van percibir de menos os concellos da provincia. Eu exclúo aquí as grandes cidades e a Deputación provincial, pero os demais concellos poden estar da orde de 33 a 35 millóns de euros. A verdade é que, cando todos aplaudimos, e os alcaldes populares tamén, o Plan E de obras e servizos, a verdade é que nestes momentos estamos vendo que por unha banda

nos deron diñeiro para obras e doutra banda, nestes momentos estamos percibindo nestes próximos anos unha redución dos ingresos do Estado que vai afectar seriamente á economía dos concellos. Non sei cal é a solución, eu non a teño neste momento, pero por iso pido que nesta Deputación se cree unha Comisión composta polos tres grupos para avaliar o que imos percibir de menos e buscar unha solución, ou intentar buscar unha solución vía FEMP, vía FEGAMP, vía Deputación provincial, para que os concellos non se vexan minguados nestes ingresos porque, xa digo, por unha banda recibimos un diñeiro para unhas obras do Plan E e por outra banda, en tres, catro anos, o recorte presupostario das achegas estatais vains deixar como estabamos.

Sr. Presidente

Moi ben, nós deixamos de percibir 20 millóns de euros. Miraremos o tema.

Sra. González Vázquez

Bos días a todos e a todas. Hoxe veño facerlle unha pregunta ao Sr. presidente da Deputación e desta forma poder aclararlles aos cidadáns cal é a visión persoal e política que o Sr. Fernández Moreda ten respecto ao principal problema da nosa sociedade, que é o do paro. Sr. presidente, está vostede de acordo coa visión que ten sobre o desemprego o Sr. Fernández Moreda, secretario do PSOE da Coruña? Hai uns días nos medios de comunicación dicía: “Hai persoas que se apuntan ao paro porque desta forma sáelles máis barato o bonobus”.

Coa que está caendo, e co que os cidadáns están soportando por culpa dun Goberno que no seu momento non soubo tomar as medidas oportunas, Sr. presidente, estas afirmacións, cando menos, sóanme a unha irresponsabilidade política máis de vostedes, causada probablemente polo elixir ZP.

Sr. presidente, de verdade vostede cre que a xente apúntase ao paro para ter unha vantaxe, un privilexio, ou non será que pola contra é consecuencia dunha necesidade? Coincidirá comigo que as palabras pronunciadas sobre este tema polo Sr. Fernández Moreda son frívolas e ofensivas para quen padecen a dita situación. Penso que o elixir ZP failles perder o contacto coa realidade do problema e, o que é peor, coas necesidades que padecen os cidadáns, chegando ao límite do absurdo e do ridículo. Failles negar a evidencia, mentir nos datos, ocultar os problemas. Desde o “non hai crise”, ata que “esta é mundial”, pasando polo “non chegaremos a catro millóns de parados”, e a cifra xa está desgraciadamente superada, ata “terán prestacións sociais todos os parados” e xa hai un millón e medio que non cobran nada, para logo pedir consensos de Estado invocando á responsabilidade co resto das forzas políticas para desta forma lavar a súa irresponsabilidade á hora de gobernar, pese a todo iso, o Sr. Moreda despachouse a gusto.

Mire vostede, Sr. presidente da Deputación, xa que a vostede lle gusta compararse tanto con outras deputacións, saiba que vostede está presidindo a Deputación da provincia con máis paro de Galicia neste momento. En xuño de 2007

cando empezou o goberno bipartito de vostedes, había 59.332 parados na provincia, en xaneiro de 2010 hai 92.244 parados, é dicir, 32.912 persoa máis sen traballo, un 55,47% máis de persoas sen traballo na provincia. Vostede cre que todos estes parados están contentos por ter o bonobus máis barato?. Voulle dar cifras de municipios en concreto. A Coruña neste momento ten 19.401 parados; Arteixo 2.892 parados; Culleredo 2.334 parados; Cambre 1.848, se quere pásolle a listaxe oficial.

Agora, e con maior rotundidade vólvolle a repetir que a abdución que lle produce o elixir ZP é evidente. Desde aquí, Sr. presidente, quero recordarlle ao Sr. Fernández Moreda que o paro non son cifras, son persoas que, entre outras causas, sofren angustia por estar nesa situación. O traballo dignifica á persoa e, polo tanto, o ter falta del precisamente non produce moito benestar. Ter a tarxeta de paro na carteira non é un éxito para ninguén, trúncase o presente e imposibilitase o proxecto vital de futuro.

Sr. presidente, desde o meu compromiso persoal e político responsable non podo pasar este Pleno sen reprobar as súas palabras, recordándolle tamén que as persoas solicitan as prestacións por desemprego para sobrevivir, criar aos seus fillos, facer a compra, cubrir necesidades básicas e primarias. Sr. presidente, ir comer á cocíña económica, ou ter o bonobus máis barato non é un privilexio, é unha necesidade. Os parados non saen contentos das oficinas de emprego se non obteñen unha oferta de emprego. É frustrante que non haxa un traballo para cada parado, e a primeira política social que tanto lles gusta a vostedes os socialistas falar dela, e a máis progresista, sería que a xente teña traballo.

Non me chame hoxe, como ten por costume, mitinera, non me diga que traio a un Pleno temas que non son da Deputación, non me diga que o emprego non é unha competencia desta Deputación cando onte o ministro Chaves fixo un chamamento a todas as administracións, locais, provinciais e autonómicas para a procura de solucións neste tema. Falo con coñecemento e con responsabilidade, e non desde a frivolidade e a demagogia como xustificación do maior problema dos cidadáns, como creo que fixo ese día o Sr. Fernández Moreda. Das súas palabras poderíase deducir que con retirar o bonobus, acabábase o paro.

Sr. presidente, de verdade, para finalizar, separadamente de dicirlle aquilo de que a muller do César non só ten que ser honrada, senón tamén parecelo, voulle dicir algo máis para á súa meditación, ou a do Sr. Fernández Moreda, que non sei cando é vostede un e outro, segundo Eckermann só os tontos carecen de preocupacións, pero desde o Partido Popular non imos pasar precisamente por tontos e irresponsables en temas tan vitais para as persoas como son a crise e o paro. Moitas grazas.

Sr. presidente

E cal é a pregunta?

Sra. González Vázquez

A pregunta díxena nas tres primeiras liñas: Está vostede de acordo coa visión que ten sobre o desemprego o Sr. Fernández Moreda?

Sr. presidente

Pois se quería facer a pregunta podía aforrar o discurso, porque ten unha frivolidade o seu discurso e unha carga demagóxica brutal, eu creo que o afán de protagonismo que vostede ten lévaa a inventarse intervencións na Deputación sobre cousas que non se produciron. Vostede escoitome dicir iso?, pero escoitome dicir iso?, claro, vostede valora cuestións que publican fóra de contexto para vir aquí a facer un discurso demagóxico. Mire, o tema do paro é o principal problema que ten este país, sen dúbida, e o tema do paro non é imputable ao goberno de España, é imputable ao goberno de España e a outros gobernos que hai. Vivimos nun país descentralizado onde as Comunidades Autónomas teñen competencias, e sabe vostede quen ten a competencia exclusiva sobre as políticas activas de emprego?, a Comunidade Autónoma, e sabe vostede en canto se incrementou o paro desde que goberna o Partido Popular en Galicia?, pois esas cousas non debe de ocultalas e eu creo que o tema do paro non é un tema para botarse os uns aos outros, é responsabilidade de todos, e non dun, e todos debemos de colaborar, e desde logo non me parece razoable, nin lóxica, aínda que na súa razón e a súa lóxica lle caiba, que vostede veña aquí a facer un discurso demagóxico e frívolo utilizando unhas declaracións que non escoitou e que non se produciron.

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a Sra. Rosana Pérez para a súa presentación.

Sra. Pérez Fernández

Moi bos días. Sr. presidente, antes de pasar a expoñerlle moi sucintamente cal é o obxecto da presentación por urxencia desta moción, quixera pedirlle hoxe tamén publicamente que cando habitualmente se producen preguntas ou rogos por parte do Partido Popular nesta Cámara, quizais teñamos que ver a posibilidade de darlle outro formato, porque se producen os debates ao redor do que en teoría é unha pregunta ou un rogo, e como as preguntas ou os rogos son á Presidencia, en teoría aquí queda un grupo, o Bloque Nacionalista Galego, sen poder intervir en debates que de fondo son importantes. Por exemplo, ao Bloque Nacionalista Galego neste momento teríalle gustado intervir respecto do discurso da Sra. voceira do Partido Popular, pero como efectivamente dámonos conta de que é unha pregunta á Presidencia, respectamos que

sexa a Presidencia quen conteste. Entón, se isto, consideramos nós, se segue producindo deste xeito, quizais haxa que darlle outro formato para que todos os grupos poidamos ter aquí a nosa voz e expoñer a nosa visión política de cada tema que se nos trae aquí.

E dito isto, Sr. presidente, como voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, queríamos que se sometese a consideración desta Corporación a urxencia do debate dunha moción que hoxe queremos presentar e que sucintamente trátase de propoñer precisamente ao Pleno da Corporación que subscriba o manifesto “Galicia ten dereito” elaborado e subscrito a primeiros deste mes por distintas forzas políticas e por distintas forzas sociais, ese é o obxecto, se se aproba a urxencia logo entrarei no fondo da cuestión.

Sr. presidente

Eu creo que como sempre é mellor facer o debate da urxencia e da exposición e logo votamos separadamente as dúas cuestións, se lles parece, ou se quere votamos a urxencia directamente. Ben, pois seguimos o sistema de sempre, faise a presentación e vótase diferentemente despois a moción.

Sra. Pérez Fernández

Ben, entón paso á exposición, e produciranse despois as votacións. No pasado ano 2009, en xuño concretamente do ano 2009, o Congreso dos Deputados aproba por maioría o FROB, o Fondo de Reestruturación e Ordenación Bancaria, pouco despois, precisamente, de que se aprobase, tamén por maioría no Congreso dos Deputados, o primeiro Plan de rescate da banca que supuxo nin máis nin menos aquel primeiro plan, unha inxección por parte do Estado de 139.000 millóns de euros ás entidades bancarias. O FROB vén provocado por unha crise na que aínda estamos inmersos e que a maioría dos expertos coinciden xa en comparala coa magnitude da vivida no ano 1929. A reestruturación bancaria que propón o FROB, o Fondo de Reestruturación Bancaria, deu pé a que ao longo dos últimos meses asistísemos a procesos de fusión de entidades en todo o Estado español. No noso país aprobouse por maioría no Parlamento galego a nova Lei de caixas a finais do pasado ano 2009, xa se aprobou antes por unanimidade dos tres grupos no Parlamento galego establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da lei. Ben, pois esa nova Lei de caixas, baixo o noso punto de vista, é a peza clave e supón, entre outras cuestións, que os aforros dos galegos queden ao servizo da economía produtiva do país, que garante esa lei a renovación dos órganos directivos e o control democrático da xestión a través da representación pública. Ao noso xuízo, a nova Lei de caixas debe de vir acompañada da fusión das caixas galegas, como única alternativa viable neste momento que garante que o centro de decisión do sistema financeiro do país estea en Galicia, como única garantía de que Galicia manteña un sistema financeiro propio. Nestes momentos, esa Lei de caixas aprobada polo Parlamento Galego está recorrida perante o Constitucional por parte do Goberno do Estado, sen que moitos de nós nos expliquemos aínda en base a que razóns xurídicas

está recorrida. O recurso, na práctica, implica a paralización da propia aplicación da Lei nun momento decisivo e co horizonte dos prazos marcados polo propio FROB.

O BNG considera que se a fusión das caixas galegas, Galicia perdería un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico e tamén para o seu desenvolvemento político, por iso promoveu a elaboración e a subscripción ao manifesto “Galicia ten dereito”, que hoxe traemos ao Pleno desta Corporación co obxecto de solicitar o seu apoio e a súa adhesión a este.

O manifesto foi asinado a principios deste mes de febreiro pola maioría das forzas políticas e sociais do noso país, como expresión de que a maioría da sociedade galega non está disposta a renunciar a que as Caixas de Aforro continúen vinculadas ao país. O manifesto é unha iniciativa aberta, nel exprésase básica e resumidamente tres cuestións. Primeira, a aspiración lexítima dun país por manter o control sobre os seus aforros; segunda, o recoñecemento ás institucións galegas de autogoberno, dentro das súas propias competencias, da súa capacidade de defender o marco xurídico que considere máis adecuado para poñer os intereses dos galegos e as galegas por riba de calquera outra cuestión; e terceiro, o dereito que temos a preservar e garantir a galegitude das Caixas coa súa fusión, unha fusión que cremos e defendemos que ten que ser paritaria, e da que debe xurdir unha Caixa liquide como maior garantía, non só para os propios traballadores desa Caixa, senón evidentemente para os seus impositores e para todos os galegos e galegas.

Por iso, insisto, o Bloque Nacionalista Galego trae aquí tamén o manifesto “Galicia ten dereito” para que o propio Pleno desta Corporación, se o considera, se adhira ao que nel se recolle. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Gacio Vázquez

Desde o Grupo Popular antes de nada dicirlles ás Sras. e Sres. deputados que botamos en falta a presenza de don Antonio Lagares ao que desexamos desde o Grupo Popular unha pronta recuperación, que creo que as cousas saíron ben e esperemos telo pronto connosco.

E con respecto á moción que presenta o Grupo do BNG, o noso é estupor e indignación porque o Goberno central paralizou no día de onte a Lei de caixas galega, sorpresa porque un alcalde do PSOE teña máis información que a propia Xunta é algo inadmisíbel, é unha mostra máis de deslealdade. O ocorrido non só é unha deslealdade cun Goberno, é unha deslealdade cos representantes dos galegos e unha falta de respecto a toda Galicia. E desde o Grupo Popular seguimos no estupor e na indignación e queremos reafirmar que a Lei de caixas é constitucional e que resiste a comparación coas actuais en vigor. Dá a impresión de que alguén non quere a Lei de caixas nin quere a fusión, senón que quere a absorción.

Sr. presidente

Con respecto á moción presentada polo Bloque, que é o manifesto “Galicia ten dereito”, nós, o Grupo Socialista vai votar a favor da urxencia pero vaise abster no texto, no contido da moción, e vaise abster por moitos motivos.

Estamos de acordo en que Galicia ten dereitos, como non, e estamos de acordo nalgunhas das afirmacións que aquí se din, pero estamos en desacordo rotundo co que segue logo das afirmacións. Que Galicia ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego, é que é un dereito que temos, é un dereito, e ten que respectar a autonomía de Galicia, ninguén o pon en dúbida. Que Galicia ten dereito a propiciar a fusión das súas Caixas, ninguén o pon en dúbida. Ao que non ten dereito Galicia é a facer unha lei inconstitucional, cando se recorre a lei non se recorre porque si, recórrese porque hai un informe do Consello Consultivo e hai un informe da avogacía do Estado que di que esa lei conculca a lexislación, o ordenamento xurídico e constitucional español. Polo tanto, Galicia ten dereito pero tamén Galicia ten o deber de adaptar as súas leis e as súas normas á normativa xurídica e constitucional española.

O Goberno de España cónstame que ten vontade de chegar a un acordo nun proceso de negociación, o Goberno de España ten a obriga ante os informes, e a rotundidade dos informes, de presentar un recurso ao Tribunal Constitucional, non lle queda outra razón, e é un proceso de negociación no que hai dúas partes, e terán que discutir. O Partido Socialista está de acordo coa fusión, pero non quere unha fusión imposta, quere unha fusión pactada, e tamén temos que ser conscientes de que a fusión pódese conseguir sen ningunha lei, esta lei sobre se hai vontade por parte dos actores de iniciar un proceso de fusión, e o que teríamos que conseguir entre todos é que as dúas Caixas iniciasen un proceso de fusión, que presentasen un proceso de fusión ao Banco de España para que o Banco de España aprobe ese proceso.

Polo tanto, compartindo afirmacións que aquí se din, que creo que compartimos todos, que Galicia ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego e o Estado ten o dereito a que as Comunidades Autónoma respecten tamén a lexislación e a Constitución española, que Galicia ten dereito a propiciar a fusión das súas Caixas, ao que non ten dereito é a facer unha norma inconstitucional para conseguir un obxectivo.

Polo tanto, imos votar a favor da urxencia, é un tema que non podemos eludir, está no debate, está na sociedade, pero non cremos que o texto que se nos presenta sexa un texto que nós poidamos aprobar, e isto dicímolo coa clara e rotunda posición do Partido Socialista de que estamos a favor, non dunha fusión imposta, senón dunha fusión consensuada e paritaria que dea lugar a unha Caixa nova en Galicia que teña músculo e presenza no sector financeiro español, e é máis, podo dicir que a fusión sería viable porque sería solvente e xera valor, e creo que se queremos a fusión o que temos é que dicirlle aos actores que se poñan de acordo, que presenten un proceso de fusión e eu ofrézolle a garantía que por parte do Goberno de España e do Banco de España os informes serán favorables para que isto se produza.

Sra. Pérez Fernández

Sr. presidente, se me permite, moi brevemente, só dúas mencións a cousas que aquí se dixeron por parte, neste caso do voceiro do Partido Popular e tamén pola súa propia.

En primeiro lugar, Sr. Gacio, nós entendemos perfectamente o seu estupor e indignación pola paralización, efectivamente, do diálogo por parte do Goberno do Estado. O que se cadra hai que completar a ese estupor e indignación por parte desa paralización do Goberno do Estado, é con outra tanta dose de estupor e indignación porque o propio Goberno galego non actúe con firmeza e rotundidade no que ten que reclamar e no que é o exercicio dos dereitos do propio Goberno galego e da encomenda do propio Parlamento Galego.

E doutra banda, Sr. presidente, nós tampouco estamos a favor dunha fusión imposta, estamos a favor dunha fusión entre as Caixas galegas. Se aquí alguén impuxo precisamente as fusionés, dun xeito máis claro, ou un pouco menos clara, foi o propio FROB, que efectivamente un dos seus obxectivos era reducir o número de Caixas de Aforro dentro do Estado español, porque parece que non era viable todo o número que había. Polo tanto, se alguén está impondo a fusión é o propio FROB e nós, evidentemente, e díxeno na miña exposición, tamén estamos a favor dunha fusión paritaria, pero sobre todo, e por riba de todo, estamos a favor dunha fusión das Caixas galegas. Sobre todo, e iso é o máis importante para nós, estamos a favor dunha fusión das Caixas galegas antes, precisamente, de que finalice ese prazo para poder recorrer ao FROB e se produzan outras vías non desexables, como dixen tamén na miña intervención, para os aforros dos galegos e as galegas, e sobre todo para o futuro económico e político do noso país. Moitas grazas, en todo caso, Sr. presidente, por considerar a urxencia desta moción.

Apróbase a urxencia por unanimidade e vótase o texto da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (13 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

MOCIÓN

TEXTO DO MANIFESTO “GALIZA TEN DEREITO”

Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Frente a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galeguidade das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas. O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idonea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:

1. Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.

2. Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coaa basca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.

3. Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galeguidade das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

Galiza debe defender o seu. Ten dereito.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.